



MEMORIA DA ALCALDÍA

Expediente núm.:	Departamento:
342/2022	Intervención

ASUNTO: ORZAMENTO MUNICIPAL PARA 2022

DOCUMENTACIÓN COMPLEMENTARIA

A tenor dos artigos 168.1.a) do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais (R.D.L 2/2004), e 18.1.a) do R.D. 500/1990, de 20 de Abril, esta Alcaldía-Presidencia, formula a seguinte

MEMORIA DE ALCALDÍA


1. CONTIDO DOS ORZAMENTOS

O Orzamento Municipal para o exercicio 2022 ascende á cantidade de 19.637.440,00 €, o que implica equilibrio económico entre ingresos e gastos, polo que se cumpre o esixido polos artigos 165.4 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais e 16.1 do R.D. 500/1990, de 20 de Abril. Xunto cos estados de ingresos e gastos do Orzamento Municipal e a súa documentación complementaria tramítase a aprobación das plantillas de persoal do Concello e as Bases de Execución do orzamento.

A desagregación por capítulos de ingresos e gastos e a porcentaxe que cada un deles representa respecto do total é a seguinte:

	ESTADO INGRESOS			ESTADO GASTOS		
	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE	DENOMINACIÓN	IMPORTE	PORCENTAXE
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.608.000,00	23,47%	GASTOS PERSOAL	6.376.165,85	32,47%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	400.000,00	2,04%	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	7.296.415,93	37,16%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.500.326,00	12,73%	GASTOS FINANCEIROS	34.682,45	0,18%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	7.601.157,00	38,71%	TRANSFERENCIAS CORRENTES	679.524,00	3,46%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.831,00	0,07%			0,00%
	TOTAL CORRENTES	15.122.314,00	77,01%	TOTAL CORRENTES	14.386.788,23	73,26%

Concello da Estrada





CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	18,00	0,00%	INVERSIÓN REAIS	4.701.714,09	23,94%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	108,00	0,00%	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	152.030,00	0,77%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	0,33%	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	3,93%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	4.500.000,00	22,92%	PASIVOS FINANCEIROS	381.907,68	1,94%
TOTAL CAPITAL		4.515.126,00	22,99%	TOTAL CAPITAL	5.250.651,77	26,74%
TOTAL INGRESOS		19.637.440,00	100,00%	TOTAL GASTOS	19.637.440,00	100,00%

2. PRIORIDADES E LIÑAS DE ACCIÓN DO ORZAMENTO

A situación de pandemia que estamos a sufrir condiciona total e absolutamente a elaboración do orzamento do ano 2022.

A principal prioridade do orzamento vai encamiñada a adoptar medidas que axuden dun modo directo aos cidadáns, así como aos demais sectores da sociedade.

Estas medidas deben de coordinarse con políticas sociais axeitadas e efectivas, adicando partidas orzamentarias suficientes que permitan axudar a todos aqueles colectivos que se atopan en situacións de risco ou exclusión social.

3. PRINCIPAIS MODIFICACIÓNS QUE CONTEÑEN ESTES ORZAMENTOS EN RELACIÓNS COS DO EXERCICIO 2021

A. Modificacións do estado de ingresos

As modificacións que contén o estado de ingresos destes Orzamentos en relación cos do exercicio 2021 son, resumidas por capítulos, as que de seguido se indican:

		2019	2021	2022	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2021-2022
CAPÍTULO 1	IMPOSTOS DIRECTOS	4.157.000,00	4.308.000,00	4.608.000,00	23,47%	300.000,00	6,96%
CAPÍTULO 2	IMPOSTOS INDIRECTOS	100.000,00	200.000,00	400.000,00	2,04%	200.000,00	100,00%
CAPÍTULO 3	TAXAS E OUTROS INGRESOS	2.536.026,00	2.520.526,00	2.500.326,00	12,73%	-20.200,00	-0,80%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	6.175.926,60	6.343.697,00	7.601.157,00	38,71%	1.257.460,00	19,82%
CAPÍTULO 5	INGRESOS PATRIMONIAIS	12.833,40	13.533,40	12.831,00	0,07%	-702,40	-5,19%
TOTAL CORRENTES		12.981.786,00	13.385.756,40	15.122.314,00	77,01%	1.736.557,60	12,97%
CAPÍTULO 6	ENAXENACIÓN DE INVERSIÓN REAIS	18,00	18,00	18,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	96,00	108,00	108,00	0,00%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,08%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	240.000,00	300.000,00	4.500.000,00	22,92%	4.200.000,00	1400,00%
TOTAL CAPITAL		255.114,00	315.126,00	4.515.126,00	22,99%	4.200.000,00	1332,80%
TOTAL INGRESOS		13.236.900,00	13.700.882,40	19.637.440,00	100,00%	5.936.557,60	43,33%

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Desagregando nos dous grandes bloques de que se compón o estado de ingresos do orzamento:

Operacións correntes.-

O total de operacións correntes orzamentadas para o exercicio 2022 ascende a 15.122.314,00 €. Isto supón un aumento do 12,97% con respecto ao orzamentado no exercicio 2021.

Os impostos directos non sofren modificacións nos seus tipos impositivos, incrementáanse as previsións tendo en conta tanto os padróns coma os cobros derivados polas liquidacións correspondentes a períodos anteriores.

Incrementábase a previsión do Imposto de Construcións, Instalacións e Obras, debido a que aínda que xa se nota o impacto positivo que está a producir a aplicación do Plan Xeral Municipal de Ordenación Municipal (non hai máis que revisar o número de expedientes de solicitude de licenzas para a construción de vivendas unifamiliares xa tramitados, e outros que se atopan en tramitación) obsérvase unha nova tendencia por parte dos cidadáns derivada dos cambios legislativos que permiten a presentación de comunicacións previas para a realización de múltiples obras, todo elo facilitando o acercamento da Administración ao cidadán.

Ademais, o Plan Xeral está permitindo que se tramiten iniciativas (públicas e privadas) que desenvolven o propio planeamento, a través dos correspondentes Plans Parciais ou Plan Especiais de Reforma Interior, o que permitirá a instalación de edificacións tanto de uso comercial/industrial coma residencial.

Tamén se están tramitando expedientes para a instalación de parques eólicos, o que incrementará notablemente os ingresos a través do ICIO.

En canto ao capítulo III, taxas e prezos públicos, diminúe o total da previsión anterior. Esta minoración nas previsións ten dous compoñentes totalmente diferenciados:

Por unha parte redúcese a previsión de ingresos polo prezo público pola prestación de servizos na gardería municipal debido á implantación da gratuidade da atención educativa nas escolas infantís 0-3 anos.

Mantéñense, con respecto a 2021, as previsións relativas a actividades deportivas, as relacionadas coa infancia e xuventude e as da terceira idade.

Mantense igualmente a previsión de recadación realizada polo ORAL, motivada pola maior efectividade na xestión de cobro así como na inspección tributaria, o que está a provocar efectos positivos no orzamento municipal, e pon de manifesto o acertado da decisión de delegar neste Organismo ese tipo de actuacións, que noutros supostos se verían mermados por falta de medios materiais e humanos.

As transferencias correntes experimentan globalmente un incremento nas previsións, como consecuencia basicamente do incremento da participación de tributos do estado e maior financiamento previsto para o plan concertado, debido sobre todo ao aumento no número de horas do servizo de axuda no fogar.

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 43R9PR6RRY2DA3KEFHKK9ZRF | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 8



Mantense a aportación da Consellería de Presidencia e da Deputación Provincial e incrementábase a previsión de Medio Rural para o financiamento dos gastos relativos ao GES, en función dos ingresos efectivamente realizados nos exercicios anteriores.

Mantense, a achega da Consellería do Medio Rural para as brigadas de incendios e motobomba, en función do convenio correspondente.

Prevese igualmente a aportación da Consellería de Sanidade ao servizo de prevención de drogodependencias, en función a última subvención concedida.

Inclúense como novidade as aportacións das Consellerías de Emprego e Igualdade para a contratación do axente de emprego e plan concilia e de Política Social para atención temperá, ao tratarse de servizos consolidados ao longo dos últimos exercicios e que se veñen subvencionando regularmente polas indicadas Consellerías.

O peso relativo dos ingresos correntes no seu montante total é de 77,01 %, fronte ós 97,70 % do orzamento de 2021.

Operacións de capital.-

Os ingresos derivados de operacións de capital aumentan o seu peso relativo no orzamento inicial: dun 2,30 % no exercicio 2021 pásase a un 22,99 % no actual.

Como ven sendo habitual, os ingresos de capital das distintas administracións públicas para o financiamento dos investimentos, non se inclúen como previsións iniciais, senón que serán obxecto de xeración de crédito coas aportacións das mesmas.

O capítulo 9 "pasivos financeiros" aumenta a previsión a 4.500.000,00 euros que se destinarán ao financiamento de operacións extraordinarias, tendo, sobre todo, como horizonte novos proxectos que, previsiblemente, terán como fonte de financiamento os diversos fondos europeos.

Con esta previsión o Concello planifica a cofinanciación dentro do novo escenario das axudas europeas, no período 2021/2027, e deixa comprometida a aportación municipal.

Do mesmo xeito, a construción das pistas de atletismo requiren dunha aportación municipal, no marco da colaboración con outras Administracións como a Deputación de Pontevedra e a Xunta de Galicia.

Con todo elo garántese que a Administración Local debe de dispoñer de todos os recursos posibles para impulsar a actividade económica nun escenario marcado pola grave crise sanitaria.

Polo demais é preciso ter en conta que a modalidade prevista de formalización da operación mediante a apertura dunha liña de crédito, permitirá ir acomodando o ritmo de recurso a préstamo coa evolución da execución das inversións, non xerando carga financeira en tanto non sexa preciso en función das necesidades xeradas polos gastos que financia. Poderán concertarse operacións de crédito no exercicio 2022 se o aforro neto do último exercicio liquidado resulta positivo, como resulta da Liquidación do exercicio 2020, en aras ó establecido na disposición

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





adicional 14ª do RDL20/2011 de medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público.

B. Modificación do estado de gastos

As modificacións que conteñen o estado de gastos do exercicio 2022 en relación ó do 2021 responde ó seguinte esquema:

		2019	2021	2022	DISTRIBUCIÓN	VARIACIÓN	EVOLUCIÓN 2021-2022
CAPÍTULO 1	GASTOS PERSOAL	5.413.401,01	5.658.162,64	6.376.165,85	32,47%	718.003,21	12,69%
CAPÍTULO 2	COMPRA BENS CORRENTES E SERVIZOS	6.408.120,91	6.467.827,51	7.296.415,93	37,16%	828.588,42	12,81%
CAPÍTULO 3	GASTOS FINANCEIROS	24.513,06	26.806,17	34.682,45	0,18%	7.876,28	29,38%
CAPÍTULO 4	TRANSFERENCIAS CORRENTES	722.999,00	720.599,00	679.524,00	3,46%	-41.075,00	-5,70%
TOTAL CORRENTES		12.569.033,98	12.873.395,32	14.386.788,23	73,26%	1.513.392,91	11,76%
CAPÍTULO 6	INVERSIÓNS REAIS	182.201,92	489.528,00	4.701.714,09	23,94%	4.212.186,09	860,46%
CAPÍTULO 7	TRANSFERENCIAS DE CAPITAL	229.424,00	10.024,00	152.030,00	0,77%	142.006,00	1416,66%
CAPÍTULO 8	ACTIVOS FINANCEIROS	15.000,00	15.000,00	15.000,00	0,08%	0,00	0,00%
CAPÍTULO 9	PASIVOS FINANCEIROS	241.240,10	312.935,08	381.907,68	1,94%	68.972,60	22,04%
TOTAL CAPITAL		667.866,02	827.487,08	5.250.651,77	26,74%	4.423.164,69	534,53%
TOTAL GASTOS		13.236.900,00	13.700.882,40	19.637.440,00	100,00%	5.936.557,60	43,33%

Gastos de persoal.

Nas previsións para o ano 2022 destaca a aplicación da Relación de Postos de Traballo aprobada mediante acordo plenario do 3 de xullo de 2021, e publicada no Boletín Oficial de Pontevedra do día 15 de xullo.

A RPT recolle para o ano 2022 o incremento do valor do punto do Complemento Específico, pasando de 16 € a 17€.

Así mesmo, na actualidade comézase a tramitar a primeira modificación da RPT, tal e como se acordou no citado acordo plenario. Como consecuencia da mesma a maioría dos postos sofren unha nova actualización de salarios, modificándose, en moitos casos, tanto o Complemento Específico como o Complemento de Destino. Ao mesmo tempo introdúcense no documentos postos declarados como personal laboral indefinido non fixo por sentenza xudicial.

Os postos de Xefa de Gabinete e Auxiliar Administrativo da Alcaldía adecúan as súas retribucións aos postos de persoal funcionario da categoría de Administrativo e Auxiliar Administrativo, respectivamente, por ser o postos que se tomaron como referencia no momento da súa creación para a fixación do correspondente salario.

Na plantilla de persoal xa figuran os novos Complementos de Destino que saen da modificación, aos efectos de poder ser dotados orzamentariamente.

Gastos en bens correntes e servizos.-

No capítulo 2, relativo ás consignacións destinadas a bens correntes e servizos, dótanse créditos para atender suficientemente ós diferentes contratos subscritos por este Concello para atende-los diversos servizos municipais. Así mesmo dótase,

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





ao igual que nos últimos anos, unha partida para facer fronte á aportación municipal derivada da execución da Estratexia de Desenvolvemento Urbana e Sostible.

Trátase de mellorar os servizos prestados polo Concello e ao mesmo tempo restrinxir o consumo de subministrados, como poida ser o material de oficina, teléfonos ou subministro de enerxía eléctrica.

Carga financeira: intereses e amortización do capital.-

No relativo ás dotacións para amortización e intereses, aumentan as previsións, en función dos préstamos concertados e os cadros de amortización previstos.

A consignación de intereses para a nova operación realízase sobre a previsión de disposición gradual dos fondos, tal como ven sendo habitual neste tipo de operacións, se ben non se prevé dita disposición ata o remate do período de carencia.

Transferencias correntes.-

Disminúe lixeiramente o importe total das aplicacións destinadas a subvencións correntes como consecuencia da adecuación das previsións das subvencións nominativas ás efectivamente solicitadas e concedidas aos distintos colectivos.

Inversións.-

Recóllense os investimentos habituais para arranxos e mantemento dos existentes.

Ao longo do ano 2022 iranse executando as operacións finais vinculadas á EDUSI, toda vez que o Ministerio, e debido á situación de pandemia, fixou como nova data de xustificación da axuda o día 31 de decembro de 2023.

Destacar a construción das pistas de atletismo, así como un módulo cuberto. Con esta infraestrutura darase resposta a unha demanda histórica por parte do mundo de deporte municipal, xa que A Estrada contará cunha instalacións de primeiro nivel galego e que incluso poderá albergar competicións de categoría nacional. Co módulo cuberto, ademais da práctica de varias disciplinas atléticas, darase cabida a outros deportes como o kárate, judo, etc.

4.- MODIFICACIÓNS NAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO.

No "Título II "O orzamento para 2022 e as súas modificacións", modifícanse as seguintes Bases:

Base 6ª e 7ª: Actualízase o total do orzamento de 2021 con detalle por áreas de gasto.

Base 10ª: Niveis de vinculación xurídica dos créditos. Inclúese a modificación aprobada no Pleno de data 1 de xullo de 2021, debido á entrada en vigor na Relación de postos de traballo do Concello da Estrada, aprobada polo Pleno da Corporación o 03/06/2021 (BOP nº 134 de 15/07/2021).

No TÍTULO III.-"Execución e liquidación do orzamento", modifícanse as seguintes

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





Bases:

Base 29ª.- Contratos menores. Regúlase a tramitación e procedemento dos gastos que pola súa contía deban considerarse contratos menores conforme ao disposto no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, coas recomendacións adaptadas a esta Entidade, da Instrución 1/2019, de 28 de febreiro de 2019, da Oficina Independente de Regulación e Supervisión da Contratación, e de acordo coa instrución de procedemento elaborado pola Secretaría deste Concello.

No mesmo Título III, no Capítulo 5º relativo á Tesourería municipal, engádense, a proposta da Sra Tesoureira, as Bases nº 45 e 46 referentes, respectivamente ao procedemento de devolución de ingresos indebidos e á regulación do Plan de disposición de fondos.

No Título IV: Gastos de persoal, modifícanse as seguintes bases:

Base 48ª: Incremento de retribucións do persoal ó servizo do concello. Recóllese os incrementos derivados da proposta de modificación da Relación de postos de traballo do Concello da Estrada, aprobada polo Pleno da Corporación o 03/06/2021 (BOP nº 134 de 15/07/2021), así como o incremento do 2% regulado no artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

Base 49ª: Engádense un apartado 6º) O expediente completo da nómina de cada mes, será remitido á Intervención Municipal deste Concello xunto co informe-proposta correspondente que conterà as variacións da mesma con respecto á do mes anterior, cunha semana de antelación ao seu pagamento, debido a que o órgano interventor dispón de cinco días hábiles para proceder á fiscalización previa limitada dos requisitos básicos de cada nómina.

Bases 51 a 53, actualización como consecuencia da aprobación da Relación de postos de traballo do Concello da Estrada, aprobada polo Pleno da Corporación o 03/06/2021 (BOP nº 134 de 15/07/2021), así como o incremento do 2% regulado no artigo 19 da Lei 22/2021, de 28 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022.

CONCLUSIÓNS

Como ven sendo costume por parte do Goberno Municipal os orzamentos do ano 2022 elabóranse pensando nun achegamento real á cidadanía e tratando de dar unha resposta áxil e inmediata a todas aquelas demandas que prantexan os estradenses.

Durante o ano 2021 entrou en vigor un documento de vital importancia para o funcionamento da Administración Municipal: a Relación de Postos de Traballo. O citado documento permitiu unha mellora salarial na maioría dos postos de traballo, aínda que as limitacións impostas a nivel xudicial non permitiron, inicialmente, aprobar un documento máis ambicioso.

Durante o ano 2022 aprobarase unha modificación da RPT que beneficiará a práctica totalidade dos traballadores municipais, e que provocará que as retribucións salariais se acomoden á realidade económica do noso país, despois de que durante moitos anos os funcionarios e persoal laboral viran como o seu salario

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 43F9PR6RRY7ZDA3KFEFHEKK9ZRF | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 8



se atopaba conxelado, ou, incluso, sufría importantes mermas. Como consecuencia da entrada en vigor da RPT tamén se actualiza o salario da Xefa de Gabinete e da Auxiliar Administrativo adscritas ao Departamento da Alcaldía, xa que no momento da creación de ambos postos de asimilaron nas súas retribucións aos postos de funcionarios de Administrativo e Auxiliar Administrativo, respectivamente.

É previsible que durante o ano 2022 existan axudas importantes que proveñan de fondos europeos (Fondos Feder, Edusi, etc.). Tendo en conta tal premisa o orzamento prevé aportacións para facer fronte a posibles inversións, e que posibilitarán un acceso inmediato ás mesmas. Non debemos esquecer que o Concello realizou durante o ano 2021 o nomeamento dun funcionario interino destinado a facer un seguimento de todas as axudas europeas, o que, sin lugar a dúbida, redundará na obtención de fondos adicionais.

Durante o presente exercicio tamén se acometerán actuacións amplamente demandadas pola sociedade estradense. Entre elas destaca a construción dunha pista de atletismo, así como un módulo cuberto que permitirá a práctica de máis disciplinas deportivas. O orzamento municipal terá que facer fronte a unha parte da execución de ambas actuacións.

Como non pode ser doutro xeito, os orzamentos tamén recollen un amplo contido social, e son sensibles con todos aqueles que se atopan nunha situación de risco de exclusión ou que precisan dunha axuda municipal para poder facer fronte aos innumerables problemas que se presentan no día a día, sobre todo agravados pola situación de pandemia que estamos a sufrir. Serva como exemplo destacado o incremento de número de horas do Servizo de Axuda no Fogar que beneficiará de xeito directo a unha parte importante de usuarios do Departamento de Servizos Sociais.

Ao mesmo tempo o Concello preocupouse nos últimos anos de facer unha política de contención de gasto. No presente exercicio comezaranse a comprobar os efectos da substitución do alumeadado tanto na zona urbana como na zona rural, motivado polo cambio da luminarias, así como unha mellora nos cadros eléctricos.

Dito aforro permite destinar parte dese remanente a outras actuacións como o citado incremento do número de horas do SAF, ou como contemplar por primeira vez o custe total do servizo de recollida de lixo, así como o tratamento de residuos.

Finalmente, e tendo en conta que desgraciadamente a pandemia provocada pola COVID-19 segue a ter efectos moi negativos entre a poboación, as partidas destinadas a educación e sanidade vense incrementadas, co gallo de prestar axuda real a todos aqueles sectores ou cidadáns que o precisen, e tratar de mitigar, na medida do posible, as consecuencias tan desfavorables que se están a producir.

O Alcalde, na Estrada.

DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE AO MARXE

Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 43R9PR6RRYZDA3KEFHKK9ZRF | Corrección: <https://aeestrada.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 8